

NORMATIVA PROVISIONAL **CAMPIONATO GALEGO PREBASE 2022**



DEREITO DE PARTICIPACIÓN:

a.- Teñen acceso a esta competición todas aquelas **ximnastas que no ano 2021 non** competiron en competición autonómica ou nacional de nivel federado ou en competición nacional de nivel base.

b.- **Só unha única ximnasta por conxunto e categoría do mesmo Club inscrita na fase provincial como na final do Campionato de Prebase poderá participar nas dúas modalidades independentemente da categoría: conxunto e individual. Non poderá participar por duplicados conxuntos, isto é pertencer a dous conxuntos da mesma ou diferente escola/club.**

c.- **Na modalidade individual a inscrición non ten límite de ximnastas por Club para as fases provinciais. O pase a fase final para INDIVIDUAL estará limitada a 5 primeiras ximnastas por categoría e provincia e para CONXUNTOS será aberta.**

d.- **Haberá competición en dúas fases por provincia. Na 1ª Fase obterase unha clasificación e entregaránselle medallas aos 3 primeiros clasificados por categoría, na 2ª Fase obteranse dúas clasificacións, entregaránselle medallas aos 3 primeiros clasificados por categoría e trofeo aos 3 primeiros clasificados na final provincial que resultará da suma das dúas fases.**

e.- Para acceder a Fase final do Cpto. é obrigatoria a inscrición e participación na fase provincial.

f.- O número de ximnastas mínimo para o conxunto é de catro e o máximo é de oito ximnastas. Isto é, os conxuntos poderán formarse con 4, 5, 6, 7, ou 8 ximnastas.

g.- Un mesmo club non pode presentar o mesmo exercicio dúas veces, aínda que cambien as ximnastas.

h.- Permítese as músicas cantadas en individual e conxuntos. ¡¡Nota: os clubes que teñan previsto participar no Nacional Base deben revisar a Normativa Nacional 2022!!

i.- **As ximnastas individuais ou pertencentes os conxuntos que se clasifiquen nos últimos postos de cada categoría, en función do 30% de cada categoría, e sempre que non acadaran podium poderán optar a competir na tempada seguinte (2023) no Cpto. Galego de Promoción ou seguir en Prebase. Exemplo: se hai 13 conxuntos en cat. Infantil poderán baixar a Promoción os 4 últimos postos da cat. Infantil. Tamén poden optar a descender a Promoción en 2023 os conxuntos de Prebase 2022 que só competiron nas fases provinciais pero non na Fase Final.**

j.- **Permítese a participación de ata dúas ximnastas dunha categoría inmediatamente inferior nunha superior para formar conxunto. Exemplo: ata 2 ximnastas alevíns poderían formar conxunto de categoría infantil. ¡¡ Nota: na normativa Nacional de Base Conxuntos esto non está permitido!!**

IDADES DAS XIMNASTAS MODALIDADE CONXUNTO

- **Categoría Benxamín: ximnastas nadas en 2013, 2014**
- **Categoría Alevín: ximnastas nadas en 2011, 2012, 2013**
- **Categoría Infantil: ximnastas nadas en 2009, 2010, 2011**
- **Categoría Cadete: ximnastas nadas en 2007, 2008, 2009**
- **Categoría Xuvenil: ximnastas nadas en 2007 e anteriores**

IDADES DAS XIMNASTAS MODALIDADE INDIVIDUAL

- **Categoría Benxamín:** ximnastas nadas en 2013
- **Categoría Alevín:** ximnastas nadas en 2011, 2012
- **Categoría Infantil:** ximnastas nadas en 2009, 2010
- **Categoría Cadete:** ximnastas nadas en 2007, 2008
- **Categoría Xuvenil:** ximnastas nadas en 2006 e anteriores

DURACIÓN DAS MÚSICAS

<u>CATEGORÍA</u>	<u>INDIVIDUAL</u>	<u>CONXUNTO</u>
Benxamín	1,15 – 1,30”	1,45 – 2,00”
Alevín	1,15 – 1,30”	1,45 – 2,00”
Infantil	1,15 – 1,30”	2,15 – 2,30”
Cadete	1,15 – 1,30”	2,15 – 2,30”
Xuvenil	1,15 – 1,30”	2,15 – 2,30”

APARATOS

<u>CATEGORÍA</u>	<u>INDIVIDUAL</u>	<u>CONXUNTO</u>
Benxamín	PELOTA	ML
Alevín	ARO	AROS E PELOTAS (mínimo 50% de cada, menos da metade máis un aro)
Infantil	MAZAS	CINTAS
Cadete	ARO	PELOTAS E MAZAS (mínimo 50% de cada, menos da metade máis unha pelota)
Xuvenil	CINTA	MAZAS E AROS (mínimo 50% de cada, menos da metade máis unhas mazas)

**ESIXENCIAS TÉCNICAS E APARATOS: EXERCICIOS CONXUNTO
VER NORMATIVA CPTO. NACIONAL BASE CONXUNTOS 2022 – RFEG**

**ESIXENCIAS TÉCNICAS E APARATOS: EXERCICIOS INDIVIDUAL
VER NORMATIVA COPA ESPAÑA BASE INDIVIDUAL 2022 - RFEG**

*****OLLO: OS CLUBES QUE TEÑAN PREVISTO LEVAR CONXUNTOS O NACIONAL DE
BASE REVISEN A NORMATIVA NACIONAL 2022.**